

Planificación en caso de suspensión das clases presenciais

5º E 6º de E.P.

Atendendo ás indicacións feitas desde a administración, facémosvos chegar este documento onde indicamos, de seguido, a planificación prevista en 5º E 6º, no caso decretarse a suspensión de clases presenciais.

Unha vez se vos comunique a suspensión de clases presenciais no colexio, no caso de Educación Infantil, estas pasarán a realizarse de modo "online", do seguinte xeito:

- **ORGANIZACIÓN DO TRABALLO:**
 - Todas as propostas serán publicadas, periódicamente, en EDIXGAL. (ver no reverso deste documento como acceder)

- **ASAMBLEAS ONLINE (Webex):**
 - Estableceuse un horario de clases por vídeo-conferencia, nun horario que figura publicado na web do centro no apartado correspondente. Un horario que tamén foi remitido ás familias. O alumnado deberá acceder desde ese horario, ás salas sinaladas en cada momento, para participar nas clases online que teñen carácter obrigatorio.
 - No caso de non poder participar, por razóns técnicas ou doutro tipo, deberá comunicarse dito feito o antes posible ó centro.
 - Tal e como se recolle nas instrucións enviadas pola Inspección educativa, estanse realizando co alumnado simulacións tanto dende as aulas, coma dende o seu domicilio para facilitar o manexo desta aplicación.

- **PROPOSTAS DE TRABALLO :**
 - O alumnado recibirá as tarefas a través da aplicación Edixgal.

- **CONTACTO COAS FAMILIAS: (Abalar Móbil):**
 - Usarase a aplicación Abalar Móbil – Espazo Abalar, para manter o contacto continuo coas familias, para todo aquilo que sexa preciso.

- **HORARIO DE ATENCIÓN Á PAIS/NAIS:**
 - Establécese un horario de atención ás familias os martes de 17:00 a 18:00, por vía telefónica ou vídeo-conferencias (webex).
 - Deberá solicitarse cita previamente para poder organizar estes encontros de tutorización.

Como acceder ó EVA-EDIXGAL:

1) Entra na web :<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervinho>



2) Escolle o apartado " Entra en EDIXGAL (co teu usuario e contrasinal)

